Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Pedras

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Pena Franqueira

Nesta pena situada en San Bartolomeu de Fraga, concello de Lobeira (Ourense) viven os mouros e ten gravuras que son o sinal ou "garda" dun tesouro agochado por alí.
Sábese do tesouro polo Libro de San Cipriano. Unha vez un veciño de Fraga fixo o camiño de volta da feira de Lobeira na compaña dun mouro que traía canda el un porquiño que mercara. Ó chegar á pena o mouro deulle ó home unha bolsa chea de cartos e despois desapareceu. O porco tamén desapareceu.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

LOURENZO, Xurxo, FARIÑA, Luciano, «Tres estacións de arte rupestre da Serra do Leboreiro», en Nós, 115, 1933.

Bibliografía:

APARICIO CASADO, Buenaventura, Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega, Cadernos do Seminario de Sargadelos, 80, Edicións do Castro, Sada, 1999.